

No salón de actos do IES do Milladoiro, ás 18:30 horas do día 09 de novembro de 2017, reúnense, en segunda convocatoria, os membros do Pleno do Consello Escolar Municipal de Ames, estando presentes as seguintes persoas:

**PRESIDENTE:** Don David Santomil Mosquera

**SECRETARIO:** Don Domingo A. Alborés Alborés

**VOGAIS**

PROFESORADO PROPOSTO POR SINDICATOS OU ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS

a) Ensino Público

Don Félix Paz Castañal, profesor do CEIP Agro do Muíño, na substitución de Dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares.

b) Ensino Privado

Dona M<sup>a</sup> Esther Emilia Souto Cambre, profesora do Colexio Alca

Dona Edelmira Riero Romero, profesora do Colexio Alca

PAIS/NAIS DE ALUMNOS PROPOSTOS POLA FEDERACIÓN DE ANPAS

Don Bruno Rubio Gayo, da ANPA da EEI do Milladoiro, na substitución de don Sabino López Pertierra.

Don Manuel Veiga Figueroa, do colectivo de ANPAS

Dona Beatriz López Orgales, da ANPA do CEIP de Barouta

Dona Isabel Valella Rodríguez, da ANPA do CEP de Ventín

Don Modesto Rouco Villar, da ANPA do IES de Ames, na substitución de don Claudio Rodiño Caramés.

Dona Marina Castro Cerceda, da ANPA do IES do Milladoiro, ANPAMILLA

ALUMNOS/AS ELIXIDOS/AS POLA REPRESENTACIÓN DO ALUMNADO

Don Thiago Augusto Canedo Álvarez, alumno de 4º ESO do IES de Ames

REPRESENTANTES ELIXIDOS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Don Daniel Fernández Blanco Director da Escola Infantil Galiña Azul de Bertamiráns, na substitución de dona Beatriz López Seijo

Dona Sandra Dios Suárez, directora da Escola Infantil Municipal A Madalena do Milladoiro

Dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares, directora do CEIP Agro do Muíño, na substitución de don Don Ramón Pérez Rey

Dona Ángeles Ferrón Novais, directora da EEI Milladoiro

Don Víctor Santidrián Arias, director do IES Milladoiro

Dona Marisol Louro Lestón Directora do IES Ames

Non asisten, pero desculpan a súa ausencia, Dona M<sup>a</sup> Carmen García Rodríguez, inspectora de educación, Don Alonso Barreiro Caxade, director do CEIP de Barouta e Dona Isabel Abelleira Bardanca, directora do CEIP a Maía.

Asisten, en calidade de invitados pola Presidencia, con voz pero sen voto, dona Ana González Montenegro e don Antonio López Portos, membros da ANPA Ágora do IES do Milladoiro, dona María González Gómez, concelleira do grupo municipal Pacto X Ames e Don Enrique Costas Bastero, concelleiro do grupo municipal Ames Novo.

Unha vez realizado o reconto de membros asistentes, e de acordo co estipulado no artigo 8.4 do Regulamento, o Presidente declara constituído o Pleno ao estar presente o presidente, o secretario e un terzo dos vogais.

## ORDE DO DÍA:

### 1. Aprobación Acta anterior

#### a) Debate:

Intervén o Presidente para preguntar se hai algunha alegación que formular ademais das formuladas con anterioridade á celebración da sesión e que xa figuran na acta enviada coa convocatoria.

Por parte do profesorado do Colexio Alca maniféstase que na acta figura como asistente o director dese centro co nome de Fausto Varela Correo, cando en realidade o seu segundo apelido é Durán.

Non se producen máis alegacións.

#### b) Acordo:

Apróbase por unanimidade a acta da sesión do Pleno do Consello Escolar Municipal de data 11-05-2017, coa alegación manifestada na sesión e as presentadas con anterioridade á celebración da sesión e que xa figuraban recollidas na acta enviada coa convocatoria.

### 2. Cambios de nomeamentos e ceses de representantes

#### a) Debate:

Pola Presidencia dáse conta dos escritos enviados nos que comunican cambios de representantes do Consello Escolar:

a) Escrito da ANPA do IES Plurilingüe de Ames, no que comunican a baixa de don Claudio Rodiño Caramés e o nomeamento, na súa substitución de don Modesto Rouco Vilar.

b) Escrito da ANPA Millapeques da EEI do Milladoiro, no que comunican a baixa de don Sabino López Pertierra e o nomeamento, na súa substitución de don Bruno Rubio Gayo.

c) Escrito da dirección da Escola Infantil de Ames-Bertamiráns (Galiña Azul), no que se comunica a baixa de dona Beatriz López Seijo e o nomeamento, na súa substitución de don Daniel Fernández Blanco, como novo director do centro.

A continuación, en relación con este tema, o presidente indica que considera conveniente establecer un método para comunicar os cambios de representantes que se produzan por calquera motivo (como cambios de directiva, profesorado, alumnado, etc). Indica que, segundo establece o regulamento do Consello Escolar, os nomeamentos de representantes corresponden ao Concello (para o Presidente e membros elixidos pola Corporación), aos representantes de alumnos nos consellos escolares (para representantes do alumnado), aos sindicatos e asociacións profesionais (para o profesorado dos centros educativos), ao propio Pleno do Consello (para o caso do secretario), á Federación de ANPAS (para o caso de representantes das ANPAS) e á Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para o caso do/a representante da Xunta de Galicia.

Por iso entende que os cambios que se produzan deberán tamén comunicalos os mesmos órganos, coa excepción do caso de representantes das ANPAS, xa que, aínda correspondéndolle facelo á Federación de ANPAS, semella máis operativo que tamén o poidan facer as propias ANPAS ás que pertencen os/as representantes que cesan, nomeando directamente aos seus substitutos ou substitutas. Así mesmo, por operatividade, considera oportuno que as comunicacións se lle fagan directamente ao secretario do Consello, para que as inclúa nas convocatorias, dándose conta das mesmas ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Intervén don Manuel Veiga Figueroa, quen fora elixido representante pola Federación de ANPAS, para dicir que agora xa non está na Galiña Azul do Milladoiro pero que segue pertencendo ao colectivo de ANPAS, ao estar na comunidade educativa. Di que lle parece un pouco ambigua a normativa do Consello Escolar, porque especifica que o cese no posto polo que foi escollido supón o cese inmediato como membro do Consello Escolar. Pero non ten claro se foi escollido por pertencer á

ANPA da Galiña Azul ou por pertencer ao colectivo de ANPAS.

Responde o Presidente que entende que pode continuar formando parte do Consello Escolar, xa que foi escollido para representar ao grupo de seis nais e pais que representan ao colectivo de ANPAS e non para representar a ANPA da Galiña Azul. Di que debería telo nomeado unha federación, pero que ao non existir ese organismo, foi unha xuntanza de ANPAS quen fixo os nomeamentos.

Don Manuel Veiga aclara que, en calquera caso, falará coa directiva da Galiña Azul para ver como se soluciona o asunto.

Pola Presidencia anúnciase que se incorpora ao Pleno, como membro do grupo de representantes elixidos pola Corporación, dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares, directora do CEIP Agro do Muiño, na substitución de don Don Ramón Pérez Rey. Así mesmo comunica que tamén se incorpora don Félix Paz Castañal, como representante do profesorado nomeado polo sindicato CIG, para ocupar o posto que deixou vacante dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares.

#### b) Acordo:

Por unanimidade acórdase que os cambios de representantes do Pleno, Comisión Permanente ou Comisións que se teñan constituído, se notifiquen polo Concello, representantes do alumnado nos consellos escolares, sindicatos e asociacións profesionais, Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e o conxunto de ANPAS ou as mesmas ANPAS ás que pertenza a persoa cesante, mediante o envío dun correo electrónico á dirección “[administracion@concellodeames.gal](mailto:administracion@concellodeames.gal)”, que é á que ten acceso actualmente o secretario do Consello. Unha vez recibidas as notificacións, incluírase na orde do día do seguinte pleno un punto para dar conta dos cambios realizados.

### **3. Dar conta dos trámites realizados en relación cos asuntos tratados no anterior Pleno do Consello Escolar**

#### a) Debate:

Intervén o presidente para explicar que en relación co acordado no pleno anterior, remitíronse á Consellaría de Educación os escritos presentados polas ANPAS en datas 7 de xullo e 10 de agosto, xunto co estudo demográfico municipal, que xa se tiña enviado aos membros do Consello Escolar e que está colgado no observatorio municipal de educación da páxina web do Concello, para que se poida descargar.

En canto ao tema de solicitar a sinatura dun acordo ou convenio para a cesión ou posta a disposición de parcelas para os centros do IES de Ames, Agro do Muiño e CEIP do Milladoiro, mediante a formalización por parte da Xunta dun compromiso orzamentario para todas esas previsións, mantívose unha xuntanza co secretario xeral técnico da Consellaría o día 18 de agosto. Nesa xuntanza, ademais de facer un repaso dos compromisos que se tiñan realizado no seu momento, demandouse unha resposta global mediante a aprobación dun protocolo para todas as cuestións expostas. A resposta da Xunta foi que non se ía facer un compromiso orzamentario e un protocolo xeral, se non que se asinarían convenios individuais, de xeito puntual e por separado, para cada actuación; convenios que terían lugar no momento de facer a cesión da parcela anexa ao IES de Ames, no de proceder á posta a disposición dos terreos anexos ao CEIP Agro do Muiño para a súa ampliación, ou no da entrega de terreos da parcela do Milladoiro para a construción dun novo CEIP.

Nesa mesma xuntanza, en relación á folia de ruta que se establecera no seu momento, falouse de como organizar as diferentes fases dos compromisos adquiridos. Abordáronse as actuacións que xa están en trámite, realizadas ou a punto de realizar: a ampliación do CEIP de Agro do Muiño coas tres aulas, que a día de hoxe xa está rematada e en funcionamento, a ampliación do IES de Ames coa construción de tres aulas e a cuberta do patio interior, que tamén está realizada, e a sala de usos múltiples do CEIP de Barouta que asume o Concello e que está en fase de execución coa previsión de que estea rematada e pagada a finais deste ano.

Nunha segunda fase sitúase a ampliación do CEIP Agro do Mulño, para a dotación de 6 novas aulas nunha parcela anexa de 4.335 m<sup>2</sup>, na que foi preciso desenvolver unha serie de actuacións urbanísticas que levan consigo a modificación do plan parcial dese terreo por ter que pasar de zona verde a zona de equipamento para dotación escolar. Nestes momentos xa pasou os trámites de informes da Consellaría e de exposición pública e, se todo vai ben, anuncia o concelleiro que se levará ao vindeiro pleno municipal ordinario do mes de novembro, a modificación puntual do plan parcial para logo poder entregar a parcela poñéndoa a disposición da Consellaría para que posteriormente fagan a construción prevista.

Outra das actuacións contempladas nesa segunda fase, relacionada coa ampliación do IES de Ames, é a construción exterior nunha cancha deportiva dunha nova sala de usos múltiples e a posible ampliación de tres aulas na actual sala de usos múltiples. Esta actuación está en fase de licitación pola Xunta de Galicia, estando prevista a súa adxudicación para decembro ou xaneiro, polo que previsiblemente estará en funcionamento no vindeiro curso.

Finalmente, nunha terceira fase prevista para o 2018, e en relación á parcela de 9.666 m<sup>2</sup> anexa ao instituto para reserva de solo en previsión de futuras actuacións, informa o concelleiro que está pendente de adquisición polo Concello de Ames para a súa cesión á Xunta de Galicia. A súa compra, igual que o proceso de expropiación da parcela de 20.000 m<sup>2</sup> para a construción dun novo CEIP no Milladoiro, estará vinculada no orzamento á venda de patrimonio municipal para o seu financiamento; téndose iniciados os trámites para a venda dunhas parcelas de titularidade municipal situadas no lugar de Raíces. Deste xeito terase financiada tanto a venda dunha parcela como a expropiación ou permuta da outra (na que parecen estar interesados varios propietarios), polo que di que o Goberno Municipal agarda que se poida materializar esa terceira fase, xa que por parte da Consellaría hai unha previsión de que nos orzamentos dos anos 2018 e 2019 se contemplan tres millóns de euros para a construción dun novo CEIP no Milladoiro, destinándose 100.000 euros no ano 2018 e 2.900.000 no ano 2019; polo que, di, podemos interpretar que o compromiso da Xunta para a construción dun novo CEIP liña 2 ampliable a 3, ou mesmo 3 ampliable a 4, pode ser unha realidade unha vez que o Concello entregue esas parcelas.

Remata dicindo que esa é a folla de ruta que se formulou na primeira xuntanza que se mantivo coa Xunta e coas ANPAS, na Casa do Concello e que esa terceira solicitude que se facía, e que afecta ao CEIP de Barouta para ampliación da segunda liña, obtivo unha resposta por parte da Consellaría de que non está nesa folla de ruta por non estar dentro das súas previsións ao considerar que están cubertas as necesidades de escolarización do Concello de Ames no seu conxunto coas previsións de ampliación e a construción dun novo centro mencionadas, polo que descartan valorar a posibilidade de que o CEIP de Barouta pase a ser liña dúas en primaria.

Intervén seguidamente dona Beatriz López Orgales, da ANPA do CEIP de Barouta para dicir que considera que non están a pedir nada fóra do normal, que é evidente que fai falta esa ampliación de liña dúas, que teñen desdoblados tres cursos e dous coa ratio de alumnado superada por estar collendo repetidores, polo que poden chegar a xuntarse con trinta alumnos/as nalgunha aula.

Don Manuel Veiga Figueroa, representante das ANPAS, pregunta se a resposta da Xunta ao tema da demanda do colexio de Barouta é que non se vai arranxar agora porque se vai facer dentro de cinco ou seis anos. Responde o Presidente que a resposta literal e que as necesidades están cubertas a día de hoxe.

Intervén a continuación don Enrique Costas Bastero para dicir que entende que o Concello debe ter algunha postura ante a resposta da Xunta sobre este tema. Responde don David Santomil que está aquí como Presidente do Consello para dar traslado e moderar; entende que calquera cuestión ou pregunta que se lle queira facer ao Goberno Municipal, debe trasladarse desde o Consello, pero que non é a el a quen lle corresponde dar esas respostas. Insiste don Enrique Costas que, tal e como se dá a información, parece que o Concello dá por boa a resposta da Xunta ante a demanda do colexio de Barouta e afirma que efectivamente volverá a facer a pregunta no vindeiro Pleno, mesmo por

escrito, pero que considera que desde a comunidade escolar, tamén se debe solicitar resposta do Goberno Municipal. Responde o Presidente que a posición do Goberno Municipal é a de avanzar na folla de ruta de compromisos prevista, pero insiste en que lle corresponde hoxe dar conta de que se trasladou a solicitude a Xunta, porque é o que estaba no punto que se está a tratar da orde do día, dar conta dos trámites realizados en relación cos acordos do anterior Pleno. En calquera caso, di, atendendo á demanda do concelleiro de Ames Novo, pódese incluír na acta o acordo de solicitar ao Goberno Municipal a postura do Concello en relación á segunda liña do colexio de Barouta. Continúa dicindo que, en todo caso e á falta de que o fixera no seu momento a Consellaría, o Concello está ampliando con fondos propios municipais o colexio de Barouta cunha sala de usos múltiples e, en relación á ampliación ou construción de novos equipamentos, subscribe as demandas que contén a folla de ruta establecida.

Intervén novamente dona Beatriz López, para dicir que esas medidas incluídas na folla de ruta son a moi longo prazo, pero que no vindeiro curso vai haber problemas no centro como o de non poder recibir aos nenos e nenas da unitaria e estar recibíndoos/as do CEIP da Maía que está saturado, mentres que o centro de Agro do Muíño está aumentando e Ventín comeza a ter problemas para recoller novo alumnado. Di que, se quedan prazas nos centros é porque hai familias que están levando os nenos/as a centros do Concello de Santiago, polo que considera que hai que comezar xa a estudar estes problemas.

#### b) Acordos:

- 1.- Acórdase solicitar ao Goberno Municipal cal é a postura do Concello en relación á segunda liña do colexio de Barouta.
- 2.- Recoller as demandas do CEIP de Barouta, ante os problemas inmediatos que está a ter o centro.

#### **4. Proposta de creación dunha comisión de traballo de seguimento de actuacións do Concello e da Xunta de Galicia para a posta a disposición e cesión de parcelas destinadas a equipamentos educativos, inicio de expediente de expropiación de parcelas e demais actuacións.**

#### a) Debate:

Intervén o Presidente para dicir que conforme ao recollido no apartado de rogos e preguntas do anterior pleno, a Comisión Permanente decidiu incluír na orde do día deste pleno a proposta de creación dunha comisión de traballo para o seguimento de actuacións previstas nas materias comentadas antes. Propón que sexa a propia Comisión Permanente quen asuma esas funcións, xa que nela están representadas as ANPAS, o profesorado e o alumnado, estando tamén nela o presidente e o secretario. Non obstante di que se alguén quere propoñer crear outra comisión con outros membros, que non habería problema en consideralo pero que dese xeito sería unha forma de aproveitar medios.

Non producíndose outras intervencións ao respecto, dáse por admitida a proposta.

#### b) Acordos:

Acórdase que a Comisión Permanente asuma as funcións da comisión de traballo encargada de facer o seguimento de actuacións do Concello e da Xunta de Galicia para a posta a disposición e cesión de parcelas destinadas a equipamentos educativos, inicio de expediente de expropiación de parcelas e demais actuacións.

## **5. Información do Concello sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.**

### a) Debate:

Intervén o Presidente para dicir que, como se adiantou no email enviado, aínda correspondéndolle ao Pleno da Corporación a modificación da ordenanza, considerouse conveniente trasladar a proposta de modificación ao Consello Escolar para que pola comunidade educativa se fixeran as achegas oportunas.

Di que a finalidade desa modificación é, en primeiro lugar, a de tratar de axilizar o traballo administrativo que soporta o Departamento de Educación, no relativo á asignación de cotas para os servizos complementarios que inclúen unha serie de bonificacións por renda que están a atrasar o traballo e a eficacia do cobro das cotas. Para iso o que se propón polos propios técnicos, e que ditas bonificacións se integren dentro das propias cotas que, segundo queda reflectido nos cadros do documento enviado, contemplan desde unha cota cero, equivalente a unha bonificación total, a unha redución do 50% por renda. Aclara que non se trata de modificar na proposta as cotas asignadas para cada un dos servizos, senón de integrar dentro das propias cotas as bonificacións por renda, quedando especificadas como corresponde por lei o tipo de rendas ás que lle corresponde cada bonificación. Con esa modificación evitariase ter que facer un dobre traballo administrativo, consistente na asignación de cotas en setembro, que se resolven en decembro tras a presentación da documentación xustificativa correspondente polas familias, e unha posterior revisión en xaneiro que non remata ata marzo ou abril e que provoca unha acumulación de cotas que non se pasan durante eses meses, engadindo así máis volume de traballo ao que leva consigo a xestión do servizo.

En segundo lugar, continúa dicindo, preténdese que a renda que se teña en conta para a asignación de cada unha das cotas, sexa a do ano anterior ao inicio do curso escolar, en contra do que especifica actualmente o regulamento. Actualmente, cando se presenta a inscrición previa ou a renovación da matrícula é no mes de marzo e a declaración da renda que se pode achegar é a do ano anterior ao mes de marzo. Por iso, o que se pretende é que en setembro, cando comeza realmente o servizo, se teña en consideración a renda máis actual, o que permitiría que en xaneiro non haxa que facer unha segunda revisión das bonificacións. Con esta medida, ademais de simplificar o traballo administrativo, faríase unha asignación de cotas tendo en conta a declaración de ingresos máis recente, o que reflectiría a situación económica máis actual das familias. Remata dicindo que é o sistema que xa se está a empregar nas escolas infantís e tamén na Xunta de Galicia na xestión dos comedores.

En terceiro lugar, aclara que, dada a situación política que existía no ano 2012 no Concello, non houbo un acordo para integrar modificacións necesarias para actualizar a ordenanza fiscal. Por iso, esas modificacións fixéronse directamente mediante dous decretos que regulan o funcionamento dos servizos a nivel fiscal, o Decreto 698/2013 e o Decreto 356/2014. O que se pretende agora e integrar ou incorporar eses dous decretos xunto coas táboas, ben no regulamento ou ben na ordenanza fiscal, segundo se especifique desde os servizos xurídicos e económicos do Concello; todo iso sen entrar a modificar o regulamento e coa única intención de integrar todo o existente nun único documento co obxecto de axilizar e facilitar o traballo do departamento.

Finalizada a exposición da Presidencia, intervén don Manuel Veiga Figueroa para dicir que no tocante ás taxas de matrícula lle parece irracional que se cobren 12 € por alumno e servizo, xa que se poden dar casos nos que uns pais teñan dous fillos con necesidade de tres servizos e acabarían pagando 72 € de taxas, o que lle parece excesivo. Considera que debería haber unha redución por número de nenos ou por número de servizos.

Noutra orde de cousas pregunta se a revisión que se propón afectaría ao curso que vén. Responde o Presidente que si, que o obxectivo é que no inicio do curso 2018/19 se poida utilizar a renda do ano

2017 e que se asignen as cotas desde setembro para todo o curso escolar.

Intervén seguidamente don Enrique Costas adiantando que a súa formación política vai propoñer modificacións á proposta de reforma da ordenanza. Di que en primeiro lugar, tal como está redactada, resulta que persoas que están exentas de pagar cotas teñen que pagar igual taxas, o que lle parece incongruente, e que non queda claro que os criterios de renda a aplicar sexan os da renda per cápita. En segundo lugar afirma que hai outro problema de fondo que é que os criterios de bonificación son incongruentes cos de renda social municipal que ten aprobado o Concello, polo que unidades familiares con dereito a unha renda social terían que pagar cotas de comedores e lúdicos. Manifesta que, en base a todo isto e a pesar de coincidir co obxectivo da reforma, é preciso facer unha revisión completa da ordenanza.

## 6. Rogos e preguntas.

### a) Debate:

Comeza dicindo o presidente que se achegaron tres novos escritos, un do 10 de outubro da ANPA de Ventín en relación a unha serie de reclamacións que afectan principalmente ao departamento de educación física, outro do 24 de outubro da ANPA Ágora do IES do Milladoiro relativa a diferentes cuestións e un terceiro do 3 de novembro asinado por diferentes ANPAS. Di que todas esas reclamacións serán trasladadas ás institucións correspondentes, ben sexa do Concello ou da Xunta de Galicia, xunto coas intervencións ao respecto que se fagan neste Pleno.

Don Antonio López Portos, membro da ANPA Ágora do IES do Milladoiro, pregunta cando vai ser posible facer o peche do perímetro do IES, a urbanización da contorna, a marquesiña da parada de autobús e unha lona dun campo deportivo necesaria para os días de choiva e se é unha cuestión do Concello ou da Xunta.

Responde o presidente que todo o que ten que ver con investimentos dos centros de ensino secundarios é competencia da Xunta de Galicia, polo que corresponderá dar traslado destas necesidades a ese organismo, igual que se fixo coas demandas dos escritos anteriores.

Don Victor Santidrián Arias, director do IES do Milladoiro, informa que o pasado luns recibiron unha visita de persoal da xefatura territorial da Consellaría, entre os que se atopaba un arquitecto dese organismo, na que se lles manifestou que o tema do peche do perímetro ía estar complicado e que tamén estiveron mirando o tema dos comedores que está pendente de solución.

Intervén seguidamente dona Beatriz López Orgales, para dicir que lle parece vergoñento e increíble que non se dea resposta a demandas tan básicas como as que se levan exposto.

Por don Bruno Rubio Gayo dáse conta dun problema que hai cos desaugues da Escola Infantil do Milladoiro que provocan a inundación do patio e mesmo o impedimento de facer algunha actividade extra escolar e pregunta se é posible dar traslado á Consellaría desde o Consello Escolar, xa que é un tema que vén de fai tempo.

Dona Ángeles Ferrón Novais, directora da mencionada escola infantil aclara que viñeron facer unha visita e unha valoración, concluíndo que é un problema estrutural que implica o levantamento do patio.

Seguidamente, e ante a demanda de varios asistentes sobre se o Concello vai facer algunha outra actuación á marxe de trasladarlle á Xunta os escritos presentados polas ANPAS e agardar respostas, o Presidente di que as competencias do Concello no ámbito do ensino público son moi limitadas en canto á realización de obras ou equipamentos nos centros escolares. Di que no tocante ás reparacións, vixilancia e mantemento que son competencia do Concello, o goberno pode dar unha resposta, pero non o pode facer naquelas actuacións que son unicamente competencia da Xunta de Galicia; quedándolle, neses casos, como única vía de actuación, o respaldo institucional ante as

demandas presentadas, tal e como vén facendo a través do traslado de escritos e das reunións que mantén cos conselleiros.

Dona Ángeles Ferrón, don Manuel Veiga e outros asistentes insisten en que, ao non dar resposta a Xunta a problemas que afectan á cidadanía, o Concello debería ter outras ferramentas para apoiar á veciñanza e facer presión sobre o Goberno Autonómico. Pola súa parte, o concelleiro don Enrique Costas di que o Goberno Municipal ten capacidade para mobilizar á veciñanza e que cando se teñen responsabilidades de goberno debe exercer esa capacidade para loitar contra as respostas negativas doutros organismos a demandas tan básicas. Don Antonio López tamén insiste na necesidade das mobilizacións para acelerar as promesas que se dilatan no tempo e intentar solucionar os problemas do IES do Milladoiro que manifestou na intervención anterior.

En relación ao expresado nesas intervencións, don David Santomil manifesta que hai moitas formas de facer presión e que unha delas é a diplomática, a que estivo a utilizar o Goberno Municipal. Di que o froito desa diplomacia e das reunións que tiveron cos representantes da Xunta son as actuacións tanto de ampliación como de construción de centros educativos e de xestión de terreos con visión de futuro que se relacionaron no punto terceiro da orde do día; actuacións que estaban pendentes desde hai moitos anos. En relación ás necesidades de escolarización, o Concello de Ames foi o único de Galicia en facer recomendacións á Xunta de Galicia de necesidades en base a un estudo demográfico, do que agora resulta a planificación de necesidades de ampliación ou reserva de solo.

Don Antonio López incide novamente en que é preciso intentar como sexa que non se alongue máis no tempo o arranxo das necesidades do IES manifestadas anteriormente sobre a urbanización da contorna, a marquesiña da parade de autobús e a lona do campo deportivo, estudando se algunha desas actuacións se poden afrontar directamente polo Concello ou, no caso contrario, facendo as mobilizacións e xestións que sexan necesarias.

Intervén dona Ana González Montenegro para dicir que considera que este é momento de esixir que se rematen as instalacións educativas do IES para as que foron cedidas e preparadas as parcelas polo Concello fai tempo, xa que este é o quinto curso do instituto.

Don Víctor Santidrián di que por parte da dirección do centro xa se remitiu no seu día ás dúas ANPAS e ao Concello a necesidade do peche do perímetro.

Don Félix Paz Castañal insiste en que é necesario presionar, aínda que sexa a través de mobilizacións e dona Ana González Montenegro insiste en que non é admisible que se dean respostas negativas tanto ás necesidades do IES como as expostas polo centro de Barouta e propón que sexa o Concello quen promova esas actuacións reivindicativas. Don David Santomil contesta que pode responder de que o Concello vai seguir intentando acadar solucións a través dos medios que vén utilizando, pero que responder a se pode promover outro tipo de actuacións non é o seu cometido como Presidente deste Consello Escolar. Di que tería que ser a Corporación Municipal a través do Pleno do Concello ou das formacións políticas que o compoñen quen podería responder a iso.

Don Manuel Veiga comenta que segue sen solución o tema do comedor da Maía e ábrese debate sobre os comedores escolares. Manifesta don David Santomil que o Goberno Municipal entende, tal como se lle trasladou á ANPA, á Consellaría e á dirección do CEIP da Maía, que o servizo de comedores escolares non é un servizo universal, senón de conciliación. Di que entende que sobre iso pode haber discrepancias pero que, partindo da opinión de que non é un servizo universal, non van ter praza todos os/as alumnos/as que o solicitaron. Concretamente, no caso do CEIP da Maía, estase a ofrecer na actualidade unha praza de comedor por cada dous nenos escolarizados, o que supón unha ratio moi elevada en comparación con outros centros de Ames e moito máis aínda se se compara con comedores xestionados pola Xunta, nos que se condiciona a praza de comedor aos centros non situados no ámbito urbano e cunha ratio determinada. Así, por exemplo, a escola infantil do Milladoiro ou o CEIP A Maía, no caso de estar xestionado pola Xunta non terían dereito ao servizo de comedores. Continúa dicindo que as obras que se realizaron no CEIP A Maía estiveron



relacionadas co tema de seguridade, como as saídas antipánico, e con melloras nas portas e cadeiras, e que calquera ampliación que se puidera facer no comedor dese centro sería para aliviar espazo, que é escaso, e para garantir a calidade necesaria nas dúas quendas actuais. Por todo isto, engade, dada a falta de espazo físico e ao entender que se trata dun servizo de conciliación, houbo que baremar ao haber máis solicitudes que prazas, como pode chegar a pasar noutros centros.

Intervén o concelleiro Enrique Costas para dicir que lle sorprende o cambio de concepción do concelleiro sobre ese servizo. Di que no ano 2005 o servizo naceu co concepto de servizo complementario educativo e non de conciliación ligado aos servizos sociais. Outra cousa, di, é que cos problemas que pon a Xunta de Galicia para sufragar os gastos dun servizo municipal que é modélico na nosa Comunidade e para os que non paga nin a cuarta parte do seu custo, haberá que mirar como se xestiona, pero, insiste, non cambiando o concepto e a natureza do servizo.

Responde David Santomil que o crecemento experimentado no número de alumnado desde a súa creación, non só leva consigo problemas de espazo, senón que implica controlar que non se convertan os centros en lugares onde se leva a comer a nenos e nenas porque, ademais de ser algo do que están en contra, implica unhas imposibilidades económicas de sostemento. Continúa dicindo que nos casos que é necesario, considera que se debe aplicar un baremo baseado en criterios de empadroamento, de renda familiar, de ter irmáns no servizo, da necesidade de conciliación, etc., porque o contrario implica entrar en custos imposibles de asumir polo Concello, xa que o aumento de prazas leva consigo o aumento de persoal de servizos xerais, de cociña e de monitores.

Intervén novamente Enrique Costas para dicir que coñece perfectamente a problemática e os datos de crecemento e que, ante esa problemática caben dúas posturas. Unha que é a de seguir considerando o concepto de servizo universal e facer un estudo e diagnose para buscar solucións, que é a que apoia, e outra que é a da concepción da natureza de conciliación do servizo, co que xa se acada a solución do problema.

Rematan o debate sobre o tipo de natureza do servizo, dona Ángeles Ferrón Novais, directora da EEI Milladoiro, que considera que o servizo de comedores é un servizo de dereito universal e que lle parece un erro pensar que o servizo de comedores é un servizo de conciliación, e dona Sandra Dios, directora da Escola Infantil Municipal A Madalena que, pola contra, manifesta que lle parece exemplar o servizo de comedores do Concello de Ames, pero que non está a favor da universalización do mesmo, porque suporía unha saturación dos espazos e faría imposible que o persoal puidese realizar con garantías o seu labor educativo.

#### b) Acordos:

Acórdase dar traslado ao Goberno Municipal e á Xunta de Galicia das demandas expostas tanto nos escritos presentados como nas intervencións realizadas polos asistentes no apartado de rogos e preguntas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente deu por rematado o acto, levantando a sesión ás 20:00 horas do día 09 de novembro de 2017.